



Estimada familia:

Como ben sabedes, neste curso, o proxecto de Voz Natura do centro xira entorno á historia e cultivo da pataca.

Dende o Concello de Coristanco, en colaboración co centro, estase a promover a musealización da pataca, porque sen dúbida, trátase dun dos sinais de identidade desta vila e a súa comarca pola súa gran calidade e sabor.

Queremos que sexa un proxecto colectivo e vivo, onde vós e os vosos fillos e fillas se sintan os verdadeiros protagonistas, polo que sen dúbida, a vosa participación e a implicación nel é moi importante.

A primeira fase para ir construíndo o contido do museo, é a recompilación de documentos de dous tipos:

- 1) Documentos gráficos. (Fotografías, vídeos, escritos,...).
- 2) Documentos orais. (gravacións dalgún bisavó, avós, pais, nais ou algún antepasado familiar).

Para a recompilación, podédesvos guiar polos seguintes aspectos:

- Métodos e zonas de cultivo. (apeos, ferramentas e maquinaria)
- Variedades de patacas.
- Anécdotas e historias sobre o cultivo e recolleita da pataca.
- Regueifas e cantigas.
- Festa da pataca.

En definitiva, trátase dun proxecto de recompilación de historias de vida de Coristanco, para o cal vos pedimos a vosa colaboración coas aportacións que poidades facer. O prazo para a entrega do material no centro remata o 31 de xaneiro de 2022. Todo o material que se entregue deberá vir identificado co nome e apelidos.

Agradecendo de antemán a vosa colaboración, recibide un cordial saúdo.

Coristanco, 9 de decembro de 2021

O director

Asdo. Carlos Fernández Fernández